BOP DIPUTACIÓN DE LUGO
LUNES, 2 DE MAYO DE 2016 Nº 100
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# XUNTA DE GALICIA

## XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

*Anuncio*

**Resolución do 21 de abril de 2016 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Barreiros (Expediente IN407A 2015/115-2-8308-AT)**

Para os efectos previstos na Lei 24/2013 do 26 de decembro (BOE nº. 310) do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro,(BOE nº. 310) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: Viesgo Distribución Eléctrica S.L.

- Domicilio Social: Isabel Torres 25-39011 Santander

- Denominación: Nova subestación Barreiros 132 kV.

- Situación: concello de Barreiros

A nova subestación estará formada por dous niveis de tensión.

Un sistema de alta tensión de 132KV de intemperie en configuración de dobre barra, con cinco posicions de liña (Foz, Doiras, Mondoñedo-1, Mondoñedo-2 e Porzun) e unha posición de peche de barras. Empregase unha tecnoloxía mixta-híbrida (convencional e compacta) cunha tipoloxía de dobre barra con peche de barras no sistema de 132KV.

Un sistema de 20KV de interior en configuración simple barra, formado por tres celas (remonte, protección e medida) blindadas con illamento en SF6 para a medida e a proteción do transformador de servizos auxiliares, dende o cal se alimentara a instalación. (A liña de media tensión a 20KV que alimentará a SE non forma parte deste proxecto)

<u>A composición de cada unha das posicions de liña esta formada por:</u>

Aparataxe convencional.

- 3 transformadores de tensión en liña.
- 3 pararaios de oxido de cinc.

Equipo compacto con illamento en SF6.

- 1 seccionador de liña tripolar con cuitela de posta á terra motorizado.
- 3 transformadores de intensidade.
- 1 interruptor tripolar.
- 2 seccionadores de barras tripolares motorizados.

<u>A composición da posición de peche de barras de 132KV esta formada por:</u>

Equipo compacto con illamento en SF6.

- 2 seccionadores tripolares con cuitela de posta a terra motorizados.
- 3 transformadores de intensidade.
- 1 interruptor tripolar.

Medida de barras 132KV.

Aparataxe convencional.

- 3 trafos de tensión para medida en barras 1.
- 3 trafos de tensión para medida en barras 2.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº. 70-baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 21 de abril de 2016.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

R. 1200

---

# CONCELLOS

## LUGO

*Anuncio*

DECRETO NÚMERO 16002943 DO 20/04/2016

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día trece de abril de de dous mil dezaseis, adoptou, entre outros, o acordo número 14/198 de MODIFICACIÓN DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA INTERINA, NOS SUPOSTOS PREVISTOS NO ARTIGO 10 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, DE PRAZAS DE TECNICO/A EN XARDIN INFANCIA (aprobadas por Acordo nº 13/81 adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día dezasete de febreiro de dous mil dezaseis e rectificadas por Acordo nº 16/98 adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de febreiro de dous mil dezaseis).

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía e á Xunta de Goberno Local polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local, así como das delegacións efectuadas polo acordo número 4/455, adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 7-7-2015, e polo Decreto número 15010037, ditado o 7-12-2015, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Convoca-lo proceso selectivo para a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas funcionario/a na categoría de Técnico/a en Xardín de Infancia, de acordo coas seguintes bases:

“1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Estas bases teñen por obxecto rexer a convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha lista para a cobertura interina de prazas de funcionario/a na categoría de Técnico/a en Xardín de Infancia, que complementará a lista, vixente na actualidade, a cal fora aprobada polo Decreto número 14008433, do 16/09/2014, dende a que se irá chamando os/as candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un/unha deles, cando sexa necesario proceder á cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, de prazas de Técnico/a en Xardín de Infancia. Esta nova lista completará a aprobada polo decreto mencionado de tal xeito que, só cando non haxa candidatos/as nesta, se chamará aos procedentes desta nova convocatoria.

2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixirse o requisito da non- presentación do DNI, certificado de formación en hixiene alimentaria para manipuladores/as de alimentos, acreditación de ter coñecementos básicos en primeiros auxilios e acreditación da vacinación da rubéola e da titulación esixida.

Para ser admitido/a a esta convocatoria, os/as aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os/as estranxeiros/as que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados/as de dereito, e os/as seus/súas descendentes e os/as do/as seu/súa cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

b) Estar en posesión do título de Técnico en educación infantil ou equivalente (técnico/a especialista-educador/a infantil ou xardín de infancia) ou superior (mestre especialista en educación infantil ou equivalente, técnico/a superior en educación infantil).

c) Estar en posesión do certificado de formación en hixiene alimentaria para manipuladores de alimentos, acreditación de ter coñecementos básicos en primeiros auxilios e acreditación da vacinación da rubéola. (Segundo o dispostos no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, pola que se regulan os centros de menores e de atención á infancia, nos seus puntos 4c),4d) 4e) e no artigo 20ª do capitulo III que regula os centros de atención á infancia e os seus servizos complementarios, así como no Protocolo da Inspección de Servizos Sociais sobre os centros de atención á infancia da comunidade autónoma de Galicia)

d) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

g) Os/as aspirantes que superen o proceso deberán presentar unha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais, de acordo co disposto no artigo 13 da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

3.- ÁMBITO DE PUBLICIDADE

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

4.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia que lles será facilitada no Rexistro Xeral do Concello. As instancias dirixiranse a Excma. Sra. Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais do/a solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 1.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día coincidise en sábado ou festivo o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou a través da vía establecida no artigo 38 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

a.- Fotocopia compulsada do DNI

b.- Fotocopia compulsada da titulación esixida.

c.- Fotocopia compulsada da acreditación de estar en posesión do certificado de formación en hixiene alimentaria para manipuladores de alimentos.

d.- Fotocopia compulsada da acreditación de ter coñecementos básicos en primeiros auxilios.

e.- Fotocopia compulsada da acreditación da vacinación da rubéola.

f.- Fotocopia compulsada de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

5.- SISTEMA DE SELECCIÓN

A1) Realización dun exercicio con dúas probas:

a) Proba 1: consistirá en contestar por escrito un cuestionario composto por 20 preguntas tipo test relativas ao contido das materias enunciadas no ANEXO adxunto. Este cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, sendo unha delas a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio é de 30 minutos. Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,5 puntos. A mal contestada restará 0,166, puntuando con 0 puntos a deixada en branco.

b) Proba 2: práctica, consistente en realizar un suposto práctico formulado polo tribunal, directamente relacionado co contido do programa e coas funcións propias dun técnico de xardín de infancia.

As dúas probas serían obrigatorias e eliminatorias, debendo acadar unha puntuación mínima de 5 puntos en cada unha delas para a súa superación.

A2) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.- Esta proba unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento da lingua galega ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 4. O exercicio de galego para os/as aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto. Quen non o supere quedará excluído/a do proceso selectivo.

ANEXO.- Temario

1.- O desenvolvemento motor. Leis e fases do desenvolvemento motor. A psicomotricidade. Alteracións e trastornos motores na nena e no neno nos primeiros anos.

2.- O desenvolvemento cognitivo. A intelixencia sensoriomotora na infancia. A intervención educativa. Alteracións no desenvolvemento cognitivo da/do menor.

3.- A expresión e a comunicación. Importancia e adquisición da linguaxe na infancia. A intervención educativa no caso das linguas en contacto.

4.- A expresión xestual e corporal. Etapas. A importancia da linguaxe xestual e corporal nos primeiros anos de vida.

5.- O desenvolvemento afectivo. Características da afectividade infantil. O desenvolvemento socioafectivo-emocional no neno e na nena. Trastornos deste desenvolvemento.

6.- Ingreso da/o menor en centro infantil. A adaptación. A importancia da relación familia escola.

7.- Concepto e natureza do xogo. O xoguete. O/A educador/a e o modelo lúdico. Influencia dos medios de comunicación no xogo e no xoguete.

8.- A educación para a saúde. Medio ambiente e saúde. O papel do/a educador/a infantil na educación para a saúde. Os medios de comunicación e a saúde nos/as menores.

9.- A alimentación e nutrición infantil. Etapas. Alimentación. Novas tendencias referidas á alimentación. A importancia dos medios de comunicación na alimentación das/os nenas/os. Alteracións alimentarias.

10.- A hixiene infantil e o medio. Alteracións relacionadas coa hixiene. O descanso infantil. O sono.

11.- Enfermidades infantís. O papel do/a educador/a, da escola e da familia nas enfermidades infantís.

12.- Accidentes infantís. Prevención de accidentes na infancia. Primeiros auxilios.

13.- A programación da escola infantil de 0 a 3 anos. Elementos da programación.

14.- Avaliación na educación infantil de 0 a 3 anos. Ámbitos da avaliación. Instrumentos de observación. Documentos de avaliación no centro ou escola.

15.- Diversidade educativa. Necesidades educativas especiais. Adaptacións curriculares. Novas tecnoloxías para a atención na diversidade. Normativa legal.

B) Baremo de méritos:

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito: máximo 6 puntos.

a) Experiencia profesional: por cada mes completo de servizos prestados en administracións públicas na categoría de Técnico/a en Xardín de Infancia, 0,15 puntos ata un máximo de 4 puntos.

Os servizos deberán acreditarse coa presentación de certificación de empresa por un lado, xuntamente co contrato de traballo ou nomeamento, se é o caso.

b) Formación:

Por cursos de formación, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, nos que se expediran diploma, certificación de asistencia ou, se é o caso, de aproveitamento ata un máximo de 2 puntos de conformidade cos seguintes criterios:

- Ata 14 horas de duración 0,10 puntos.
- De 15 a 24 horas de duración 0,20 puntos
- De 25 a 39 horas de duración 0,40 puntos
- De 40 a 59 horas de duración 0,60 puntos
- De 60 a 79 horas de duración 0,80 puntos
- De 80 a 100 horas de duración 1 punto

- De 101 ou mais horas de duración 1,15 puntos

O puntuación final do proceso selectivo será a resultante da suma das puntuacións obtidas nas probas teórica e práctica superadas coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores

2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que alega a persoa aspirante.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, unicamente poderán corrixir os requisitos indispensables para participar no proceso selectivo, pero non os que voluntariamente achegue o/a aspirante, e que queira presentar para ser tidos en conta na fase de concurso. A presentación da documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para o baremo de méritos, deberá facerse dentro do prazo de presentación de instancias, sen que sexa admisible a súa presentación dentro do prazo de emendas.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador estará constituído polos seguintes membros:

Presidenta:

Dona Amparo Rubinos Hermida, Técnica Media de Xestión (Xefa da Sección de Estatística e Cemiterio) do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª Carmen M.ª Torre Abuín, Técnico de Xestión do Concello de Lugo.

Vogais:

D.ª M.ª Eugenia Fernández Touzón, Directora da Escola Infantil Municipal Serra de Outes do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª M.ª José Pena Lage, Orientadora Laboral do Concello de Lugo.

D.ª Marta Jesús Otero López, Directora da Escola Infantil Municipal Gregorio Sanz do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª M.ª Lidia Platas Ferreiro, Psicopedagoga do Concello de Lugo.

D. Francisco Javier Fernández Eiros, Animador Sociocultural do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª Consuelo Rodríguez Bao, Animadora Sociocultural do Concello de Lugo.

Secretaria:

D.ª María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª Carolina Alvarez López, Técnica de Xestión do Concello de Lugo."

**Segundo**.- Que se proceda a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose saber que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.

R. 1204

---

*Anuncio*

DECRETO NÚMERO 16002944 DO 20/04/2016

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día trece de abril de dous mil dezaseis, adoptou, entre outros, o acordo número 13/197 relativo á MODIFICACIÓN DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA INTERINA, NOS SUPOSTOS PREVISTOS NO ARTIGO 10 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, DE PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL (aprobadas polo acordo número 10/34, adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de xaneiro de dous mil dezaseis).

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía e á Xunta de Goberno Local polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local, así como das delegacións efectuadas polo acordo número 4/455, adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 7-7-2015, e polo Decreto número 15010037, ditado o 7-12-2015, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Convoca-lo proceso selectivo para a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas funcionario/a na categoría de Auxiliar Administrativo/a, de acordo coas seguintes bases:

“1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Estas bases teñen por obxecto rexer a convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha lista para a cobertura interina de prazas de funcionario/a na categoría de Auxiliar Administrativo/a, a cal completará a lista, vixente na actualidade, aprobada polo Decreto número 15004817, do 10/06/2015, a cal foi publicada o 12 de xuño de 2015 no Taboleiro de Anuncios deste Concello, e dende a que se irá chamando os/as candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un/unha deles, cando sexa necesario proceder á cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, de prazas funcionario/a na categoría de Auxiliar Administrativo/a. Esta nova lista completará a aprobada polo decreto mencionado de tal xeito que, só cando non haxa candidatos/as nesta, se chamará aos procedentes desta nova convocatoria.

2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixirse o requisito da non- presentación do DNI e da titulación.

Para ser admitido/a a esta convocatoria, os/as aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo as persoas estranxeiras que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados/as de dereito, e os seus descendentes e os/as do/a seu/súa cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

b) Estar en posesión do título graduado en ESO, graduado escolar, titulación superior ou equivalente.
c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

3.- ÁMBITO DE PUBLICIDADE

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

4.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia que lles será facilitada no Rexistro Xeral do Concello. As instancias dirixiranse á Excma. Sra. Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar, expresa e detalladamente, ademais dos datos persoais da persoa solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 1.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día coincidise en sábado ou festivo o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou a través da vía establecida no artigo 38 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

a.- Fotocopia compulsada do DNI

b.- Fotocopia compulsada da titulación esixida.

c.- Fotocopia compulsada de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

5.- SISTEMA DE SELECCIÓN

Consistirá en dúas fases:

A) Realización das seguintes probas:

a) A proba teórica consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test composto por 40 preguntas relativas ao temario que figura a continuación. Este cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, sendo unha delas a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio é de 30 minutos. Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,25 puntos. A mal contestada restará 0,083, puntuará con 0 puntos a deixada en branco. Para superar a proba teórica e pasar a proba práctica, deberá acadarse, polo menos, unha puntuación de 5 puntos.

TEMARIO

TEMA 1.- A Constitución española de 1978. Dereitos fundamentais e liberdades públicas. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno.

TEMA 2.- O réxime local español. Principios constitucionais. As entidades locais. O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencias. Servizos municipais. O municipio de Lugo.

TEMA 3.- Réxime de sesións e acordos dos órganos colexiados locais.

TEMA 4.- A potestade regulamentaria das entidades locais: ordenanzas, regulamentos e bandos.

TEMA 5.- Estrutura organizativa do Concello de Lugo.

TEMA 6.- Dereitos e deberes dos veciños no ámbito local: a súa formación e participación cidadá.

TEMA 7.- O rexistro de documentos: concepto. O rexistro de entrada e saída, o seu funcionamento nas corporacións locais. Presentación de instancias e outros documentos nas oficinas públicas.

TEMA 8.- Os contratos administrativos de obras, subministracións e servizos públicos na esfera local. Procedemento para a selección de contratistas.

TEMA 9.- O procedemento administrativo común: fases do procedemento administrativo. A revisión dos actos administrativos: os recursos. Eficacia dos actos, notificación e publicación.

b) A proba práctica consistirá na resolución dun suposto práctico proposto polo tribunal relacionado coas funcións propias da praza. O tempo para a realización deste exercicio será de trinta minutos. Para superar a proba práctica, deberá acadarse polo menos unha puntuación de 5 puntos.

c) Coñecemento da lingua galega.- Esta proba unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de iniciación da lingua galega ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 3. O exercicio de galego para os/as aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto. Os que non o superen quedarán excluídos/as do proceso selectivo.

B) Baremo de méritos:

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito: máximo 6 puntos.

a) Experiencia profesional: por cada mes completo de servizos prestados en administracións públicas na categoría de Auxiliar de Administración Xeral, 0,15 puntos ata un máximo de 4 puntos.

Os servizos deberán acreditarse coa presentación de certificación de empresa por un lado, xuntamente co contrato de traballo ou nomeamento, se é o caso.

b) Formación:

Por cursos de formación, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, nos que se expediran diploma, certificación de asistencia ou, se é o caso, de aproveitamento ata un máximo de 2 puntos de conformidade cos seguintes criterios:

- Ata 14 horas de duración 0,10 puntos.
- De 15 a 24 horas de duración 0,20 puntos
- De 25 a 39 horas de duración 0,40 puntos
- De 40 a 59 horas de duración 0,60 puntos
- De 60 a 79 horas de duración 0,80 puntos
- De 80 a 100 horas de duración 1 punto
- De 101 ou mais horas de duración 1,15 puntos

O puntuación final do proceso selectivo será a resultante da suma das puntuacións obtidas nas probas teórica e práctica superadas coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores

2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos, será requisito imprescindible a copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que alega o/a aspirante.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, unicamente poderán corrixir os requisitos indispensables para participar no proceso selectivo, pero non os que voluntariamente achegue o/a aspirante, e que queira presentar para ser tidos en conta na fase de concurso. A presentación da documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para o baremo de méritos, deberá facerse dentro do prazo de presentación de instancias, sen que sexa admisible a súa presentación dentro do prazo de emendas.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador estará constituído polos seguintes membros:

Presidenta:

Dona Isabel Villamor Cabado, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª Concepción Castro-Gil Iglesias, Técnica Media de Xestión (Xefa de Sección) do Concello de Lugo.

Vogais:

D.ª Isabel Varela López, Técnica Media (Xefa da Sección) de Concello de Lugo.

Suplente: D.ª M.ª Hortensia García Montero, Administrativa do Concello de Lugo.

D.ª Amparo Rubinos Hermida, Técnica Media de Xestión (Xefa da Sección) do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª Carmen Neira Vieito, Técnica de Xestión do Concello de Lugo.

D.ª Carmen M.ª Torre Abuín, Técnica de Xestión do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª M.ª del Carmen Rozas Bello, Técnica Media Diplomada en Empresariais (Xefa de Sección) do Concello de Lugo.

Secretaria:

D.ª María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª Carolina Álvarez López, Técnica de Xestión do Concello de Lugo."

**Segundo**.- Que se proceda a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose saber que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.

R. 1205

---

## LUGO

*Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local número 24/250 do día 27 de abril de 2016, aprobouse, entre outros, o procedemento de licitación para a **AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ONCE POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS E ATRACCIÓNS INFANTIS ECOLÓXICAS NO ARDE LUCUS 2016, PRORROGABLE PARA OS ANOS 2017 E 2018**

Por medio deste anuncio dase a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

**1.- Entidade adxudicadora.**

**a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

**b) Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

**2.- Obxecto do contrato.**

**a)Descrición do obxecto:** Licitación para a autorización de instalación de once postos de venda de mercadorías e atraccións infantis ecolóxicas no Arde Lucus 2016 prorrogable para os anos 2017 e 2018

**b) Prazo de duración:** Durante a festa do Arde Lucus 2016 prorrogable por dous anos máis (ano 2017 e 2018).

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

**a) Tramitación:** ordinaria

**b) Procedimiento:** aberto.

**4.- Tipo de licitación:** Os seguintes importes, en concepto de **taxas mínimas**, terán a consideración de precio mínimo inicial de licitación, e que poderá ser incrementado por parte dos licitadores:

| **Parcela número** | **Metros posto (más un metro de ancho)** | **Taxa mínima** |
|---|---|---|
| 63 | 5x3 m. posto | 52,80 euros |
| 26- 60 | 4x3 m. posto | 42,24 euros |
| 16 | 5x2 m. posto | 39,60 euros |
| 22- 24- 50- 55 | 3x3 m. posto | 31,68 euros |
| 29- 32- 54 | 2x3 m. posto | 21,12 euros |

**Atraccións infantís ecolóxicas (traccións realizadas en madeira e de tracción manual)**

| **Parcela número** | **Metros posto (más un metro de ancho)** | **Taxa mínima** |
|---|---|---|
| Atracción ecolóxica 1-H | 5x3,5 m. posto | 59,40 euros |
| Atracción ecolóxica 2-H | 4x3 m. posto | 42,24 euros |
| Atracción ecolóxica 3-H | 8m. circular (4x4m) posto | 52,80 euros |
| Atracción ecolóxica 4-H | 4x4 m. posto | 52,80 euros |
| Atracción ecolóxica 5-H | 3X2 m. posto | 23,76 euros |
| Atracción ecolóxica 6-H | 6m. per. (5x5m) posto | 79,20 euros |
| Atracción ecolóxica 7-H | 7x3 m. posto | 73,92 euros |

**5.- Garantías:**

**a) Provisional:** Non se esixe.

**b) Definitiva:** Non se esixe.

**6. Obtención de documentación e información.**

**a) Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

**c) Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**d) Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-73-01, 29-71-43

**e) Telefax:** (982) 29-72-59.

**f) Dirección internet:** (www.lugo.gal/perfilcontratante/)

**g) Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos do contratista.**

**a) Outros requisitos:** Os sinalados nas bases técnicas e administrativas.

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

**a) Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **TRINTA días hábiles** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

**b) Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula sétima das bases técnicas e administrativas.

**c) Lugar de presentación:**

**1ª Entidade**: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro, ou enviadas na forma indicada no artigo 38 da LRXPAC.

**2ª Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

**3ª Localidade e c.p.**: Lugo, 27002

**9.- Apertura das ofertas.**

**a) Entidade:** Concello de Lugo

**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

**c) Localidade:** Lugo

**d) Data:** Ó primeiro día hábil posterior ó remate do prazo de presentación. Se o dito día coincidise en sábado a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo

**10.- Outras informacións:** As que se recollen nas bases técnicas e administrativas.

Lugo, 27 de abril de 2015.- A ALCALDESA, P.D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 1240

---

## POL

*Anuncio*

### PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria

É obxecto das presentes bases a creación dunha bolsa de traballo destinada á selección temporal de persoal de axuda no fogar. Utilizarase o sistema de concurso cunha valoración de méritos e dunha entrevista persoal con cada aspirante.

Este persoal encargarase de realizar as labores propias do Servizo Municipal de axuda no fogar durante as vacantes, ausencias, vacacións, baixas, do persoal municipal do servizo de axuda no fogar e/ou para cubrir novas contratacións temporais que se poidan necesitar para o servizo.

O servizo municipal de axuda no fogar préstase nos domicilios dos usuarios distribuídos por todo o territorio municipal, polo que será imprescindible que o persoal conte con medios propios para desprazarse.

### SEGUNDA. Modalidade do Contrato

A modalidade, a xornada e a duración dos contratos será a fixada nos mesmos en función da necesidade para a que se efectúe a contratación.

A retribución fixase de conformidade co convenio colectivo do sector de axuda a domicilio da Comunidade Autónoma de Galicia (publicado no DOG núm. 31, do 16/02/2010), Resolución do 6 de novembro de 2012 ( publicado no DOG núm. 222, do 21 de novembro de 2012).

### TERCEIRA. Funcións

As funcións das/os auxiliares de axuda no fogar serán as recollidas na ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no fogar do Concello de Pol vixente.

A xornada será completa ou parcial, incluindo sábados, domingos e festivos.

### CUARTA. Publicidade

A presente convocatoria e bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Pol e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Concello (www.concellopol.es)

### QUINTA. Condicións de Admisión de Aspirantes

1.- De conformidade co artigo 56 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, para poder participar nos procesos selectivos será necesario:

— Acreditar a nacionalidade española ou de un país da Unión Europea ou, no seu caso, dispoñer de autorización para poder residir e/ou traballar legalmente en España.

— Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

— Ter cumpridos dezaoito anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

— Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao

corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

2.- Carnet de conducir B1 e dispor de vehículo.

### SEXTA. Forma e Prazo de Presentación de Solicitudes

As solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Pol, e presentaranse no Rexistro de entrada deste Concello no prazo de **dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Si o último dia coincide en sábado ou domingo, poderanse presentar as solicitudes no seguinte dia non festivo.**

As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; neste caso, os/as aspirantes deberán comunicalo mediante fax (ao 982 345 330) ou e-mail (a correo.pol@eidolocal.es) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

As bases íntegras publicaranse na páxina web municipal e no taboleiro de edictos.

A solicitude deberá ir acompañada por:

— Fotocopia compulsada do DNI, NIE ou, no seu caso, pasaporte.

— Fotocopia compulsada de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos no momento da presentación da instancia.

_ Informe de vida laboral actualizado.

### SÉTIMA. Admisión de Aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, sinalarase un prazo de dous días hábiles para corrección.

Transcorrido o prazo de corrección, pola Alcaldía aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello. Na mesma publicación farase constar o día, hora e lugar en que deberán realizarse a entrevista persoal.

De non presentaren reclamacións dentro do prazo establecido, a relación de admitidos elevarase a definitiva.

### OITAVA. Tribunal Cualificador

O Tribunal cualificador estará constituídos por:

- Presidente: Froilán Pallin Seco, secretario deste concello.

Suplente: Ana Sampedro Millares, secretaria interventora do concello de Castroverde.

- Secretario: Manuel Labrada Díaz, Funcionario deste concello.

Suplente: Verísima Labrada Lanza, auxiliar administrativa deste concello.

- Vogais:

1.- Titular: Mª Luisa Armesto Domínguez, traballadora social deste concello.

Suplente: Mónica Gacio Beirán, traballadora social do concello de Meira.

2.- Titular: Mª Dolores Rodríguez Gómez, traballadora social do concello de Taboada.

Suplente: Ana Isabel Torres Fernández, traballadora social do concello de Castro de Rei.

3.- Maria Jesús Dieguez Gómez, traballadora social do concello de Castroverde.

Suplente: María Teresa López Pernas, traballadora social do concello de Láncara.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

### NOVENA. Sistemas de Selección

O sistema de selección será de Concurso.

**FASE CONCURSO:**

O tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no

momento de presentar a solicitude ás probas selectivas.

Toda a documentación que se achegue deberá presentarse compulsada ou en orixinal para a súa compulsa polo Rexistro.

Méritos computables:

**a)Formación:**

- Cursos de formación relacionados coa materia, aplicándose o seguinte baremo en función do número de horas:

| | |
|---|---|
| . de 10 a 19 horas: | 0,10 puntos |
| · de 20 a 39 horas: | 0,25 puntos |
| · de 40 a 75 horas: | 0,40 puntos |
| · de 76 a 100 horas: | 0,60 puntos |
| · de 101 a 200 horas: | 1 punto |
| · de 201 a 400 horas: | 2 puntos |
| · máis de 400 horas: | 3 puntos |

- por posuír o certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente: 4 puntos
- por posuír o título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio: 4 puntos

A puntuación máxima deste apartado será de 8 puntos.

**b)Experiencia:**

— Por servizos prestados en postos similares na Administración Pública, por xornada completa: 0,20 por cada mes de servizo en postos similares.

— Por servizos prestados en postos similares na empresa privada, por xornada completa: 0,10 por cada mes de servizo en postos similares

A puntuación máxima neste apartado será de 8 puntos. A puntuación outorgarase por meses efectivos de traballo a xornada completa. As contratacións a tempo parcial prorratearanse segundo corresponda e o resto de días soltos sumarán meses se alcanzan o número de 30 para cada mes.

Estes méritos acreditaranse mediante copia dos correspondentes contratos de traballo, xunto co certificado de empresa ou informe de vida laboral; ou certificación expedida polo funcionario competente do organismo correspondente que reflicte o corpo ou grupo profesional de pertenza e as tarefas desempeñadas, xunto co informe de vida laboral.

**c)Antigüidade como desempregado**: 0,10 puntos por mes de antigüidade inscrito no Servizo Público de emprego de xeito ininterrompido, ata un máximo de 3 puntos.

Non se computarán períodos inferiores a un mes, considerándose a estes efectos os meses de trinta días. Para estes efectos, terase en conta o período máis recente e de maneira ininterrompida inscrito no Servizo Público de Emprego.

Acreditarase mediante certificación ou outro documento equivalente, expedido polo organismo correspondente, que permita avaliar a mesma.

**d) Por ter realizados os cursos de galego:**

· curso de iniciación ou o curso de Celga 3: 1 punto

· curso de perfeccionamento ou o curso de Celga 4: 2 puntos

Só se puntuará o curso de nivel superior, polo que a puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos.

**DÉCIMA. Entrevista.**

A entrevista servirá para comprobar os méritos alegados polos aspirantes para saber si acreditan ou non a formación e a capacidade esixida para realizar as funcións do posto que se convoca, comprobando a actitude e interese polo mesmo. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.

**UNDÉCIMA. Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Nomeamento**

Unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, os Tribunais farán pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de edictos do Concello.

A relación de persoas que formarán parte da bolsa de emprego estarán ordenadas de modo descendente, de maior a menor puntuación.

Na acta de cualificación do tribunal incluirase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de nomeamento, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante aprobado non fora nomeado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección. Ademais a relación quedará para poder ser utilizada no futuro, como reserva (sempre respectando a orde da lista), para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, ou calquera outra circunstancia. Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

Devandita relación elevarase ao sr. alcalde da Corporación, que tras resolver sobre o nomeamento, publicaraa na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello.

Os/as candidatos/as que forman parte da bolsa, cando sexan chamados para un posto de traballo temporal, disporán dun prazo de 1 día naturais para presentar no Rexistro Xeral do concello, os seguintes documentos (salvo que xa os presentaran coa instancia de solicitude):

- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade
- Certificado/informe médico de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes.
- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin de atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións por sentencia firme.
- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidas na lexislación sobre a materia.
- Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoa con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes ao posto, mediante certificación expedida polo Organismo competente na materia.

Aqueles que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducísese que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

### DUODÉCIMA. Funcionamento da Bolsa de Traballo

1.- Todas as persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha bolsa de traballo, ordenadas segundo a puntuación obtida, para as futuras contratacións que resulten necesarias a fin de cubrir vacantes temporalmente debidas a vacantes, ausencias, vacacións, baixas,... do persoal municipal do servizo de axuda no fogar e/ou para cubrir novas contratacións temporais que se poidan necesitar para o servizo.

Esta bolsa de emprego terá unha vixencia máxima ata o 31/12/2017.

2.- Atendendo as necesidades do servizo, a Traballadora Social emitirá un informe/proposta conformada polo Alcalde ou concelleiro delegado, acudíndose á relación de candidatos que integran esta Bolsa de Traballo para cubrir estas vacantes

3.- Os integrantes da Bolsa de Traballo están obrigados a sinalar os seus datos persoais actualizados que faciliten a rápida localización, incluíndo a telefónica, sendo os únicos responsables da fidelidade dos mesmos.

4.- Os aspirantes aos que se oferten traballos temporais deberán manifestar a súa opción, incluso verbalmente, no prazo de 1 día natural desde a comunicación. Para iso chamaráselle telefonicamente aos número/s que achegaron xunto coa instancia.

No suposto de que un mesmo aspirante este seleccionado para ocupar temporalmente dous ou máis postos dos ofertados na bolsa, permitiráselle optar a un deles.

A persoa encargada destas comunicacións deixará constancia das mesmas, con indicación da data, hora e sistema de contacto.

5.- Se un familiar ou persoa distinta a/ao aspirante fose o que contestase á oferta formulada telefonicamente, entenderase que será o responsable de comunicarlla a/ao seleccionado/a.

6.- Renuncia o nomeamento.

6.1.- Se o/a interesado/a non manifesta a súa conformidade co nomeamento no prazo de 1 día natural, entenderase que renuncia ao mesmo, e se lle postergará ao último posto da bolsa de traballo, a menos que concorran algunha das seguintes circunstancias, oportunamente xustificadas:

a) Período de embarazo, de maternidade ou paternidade, de adopción e de acollemento permanente ou preadoptivo, incluíndo o período no que sexa procedente a concesión de excedencia para o coidado de fillos, para calquera dos supostos anteriores.

b) Encontrarse prestando servizos noutra entidade, sexa Administración Pública ou empresa privada, para o cal deberá achegar xustificante no prazo de 3 días naturais a contar desde a comunicación da oferta. Durante o período de duración do dito contrato, o aspirante renuncia a calquera oferta que puidera xurdir desde o Concello de Pol, eximindo a este de realizar a oferta telefónica.

Esta circunstancia finalizará, en todo caso, á data de finalización do contrato ou nomeamento que figure na documentación xustificativa. No caso de que esta non existise, o interesado deberá achegar xustificante de finalización de contrato ou do nomeamento no prazo de tres días hábiles desde a data de cese.

c) Encontrarse en situación de enfermidade que impida o desempeño do posto de traballo, debendo xustificarse mediante o informe médico ou parte de baixa, no prazo de 3 días hábiles. Así mesmo, o/a interesado/a deberá achegar no prazo de 3 días hábiles, o xustificante de alta médica.

Durante o período de enfermidade ou baixa, o/a aspirante renuncia a calquera oferta que puidera xurdir desde o Concello de Pol, eximindo a este de realizar a oferta telefónica.

6.2.- Poderán estudarse outros casos de forza maior debidamente acreditados, non previstos nos apartados anteriores.

7.- Obtida a conformidade do interesado a quen corresponda o posto, a Alcaldía procederá á súa contratación, deixándose constancia no expediente dos cambios que como consecuencia do chamamento se produciran na correspondente lista.

8.- Se de acorde coa orde establecida na bolsa, o/a seleccionado/a non reúne os requisitos esixidos polo tipo de contrato a subscribir, chamarase ao seguinte da lista que cumpra cos ditos requisitos.

9.- Os aspirantes seleccionados manteranse na mesma orde durante o proceso de vixencia desta Bolsa, de forma que ao finalizar cada unha das correspondentes contratacións ou nomeamentos, seguirá no mesmo orde de chamada para novos contratos ou nomeamentos. Esta orde manterase ata completar o período de 6 meses contratados, en cómputo de xornada completa, a través desta bolsa, sexa de xeito continuo ou ininterrumpido; pasando neste caso, a ocupar o último posto.

Cando sexan chamados achegarán, segundo as normas de funcionamento da Bolsa, os documentos orixinais acreditativos segundo as condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

10.- Cando un aspirante figure contratado para substituír a un titular con reserva de posto de traballo e cumprido o obxecto do contrato ou nomeamento, se produza nova causa de substitución do mesmo titular sen interrupción no tempo, poderase contratar ou nomear interinamente á mesma persoa da Bolsa para o novo obxecto, sen recorrer ao sistema establecido nas presentes bases.

11.- Cando un aspirante renuncia á oferta dun contrato sen causa xustificada, se lle postergará ao último posto da bolsa de traballo, salvo nos supostos a), b) e c) do apartado 6.1.

No caso de renunciar tres veces consecutivas sen causa xustificada será excluído definitivamente da Bolsa.

12.- No suposto de que na Bolsa de Traballo non existan aspirantes dispoñibles temporalmente ou se se esgota a Bolsa, e se prevé a necesidade de cobertura de vacantes, poderá confeccionarse un listado adicional a partir das solicitudes rexistradas e non seleccionadas ás que se pode facer extensiva a oferta de traballo ou poderase realizar unha convocatoria pública para constituír unha nova Bolsa.

13.- As persoas integrantes desta Bolsa de traballo temporal están obrigados a manter actualizados os méritos relacionados con este posto de traballo.

14.- As persoas integrantes de esta bolsa están obrigadas a manter e gardar o deber de confidencialidade e segredo profesional. No caso de entender por parte de esta administración que se incumpre este deber, será motivo de exclusión definitiva desta Bolsa.

15.- Calquera persoa integrante da bolsa poderá consultar a lista en todo momento, se ben os cambios na mesma non se notificarán persoalmente. Igualmente se terá acceso en todo momento aos datos achegados polo propio solicitante, se ben non aos de outros aspirantes.

16.- Todas as persoas integrantes da bolsa deben de coñecer e se comprometen a aceptar a ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar deste concello, publicado no BOP núm. 109, do 14/05/2014

17.- Causas de exclusión da Bolsa:

a) por vontade propia do solicitante, mediante solicitude presentada no Rexistro Xeral deste concello

b) por non ter presentado en tempo e forma a documentación necesaria establecida na base novena

c) por non cumprir os requisitos de capacidade ou estar incurso en causa de incompatibilidade determinadas e aplicables ao persoal ao servizo das Administracións Públicas

d) pola falsidade da documentación presentada xunto coa solicitude de participación nesta bolsa

e) por despido disciplinario

f) no suposto de que a Traballadora Social deste concello emita un informe por servizos prestados non adecuados de algún/ha traballador/a desta Bolsa

## DÉCIMO TERCEIRA. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico da Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O chamamento realizarase seguindo a orde de puntuación que fose obtida polos aspirantes. Notificado o mesmo, o prazo para que se presente será de 1 día natural.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; a Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e o Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación o Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia.

En Pol, a 25 de abril de 2016.- O Secretario,Froilán Pallin Seco

DILIXENCIA: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por Resolución da Alcaldía de 25 de abril de 2016.

O alcalde, Lino Rodríguez Ónega

**ANEXO I : INSTANCIA DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR**

| | |
|---|---|
| POSTO AO QUE ASPIRA: | |
| CONVOCATORIA: | |
| NOME E APELIDOS: | |
| DNI: | |
| DATA DE NACEMENTO: | |
| LUGAR DE NACEMENTO: | NACIONALIDADE: |
| ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:<br><br>CONCELLO: | |
| TELÉFONO DE CONTACTO: | |
| CORREO ELECTRÓNICO: | |

**DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:**

- ☐ Fotocopia compulsada do DNI/NIE do/a solicitante
- ☐ Fotocopia compulsada dos méritos
- ☐ Vida laboral actualizada, acompañada dos oportunos contratos.

**DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE:**

- Que é certo o que manifesta e que reúne as condicións esixidas nas bases da devandita convocatoria que declara coñecer, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude
- Que non padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das función propias do posto de traballo para o que se opta
- Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin se atopa inhabilitado/a das función públicas por sentenza firme.

**SOLICITO** que se teña por presentada a miña solicitude para o proceso de selección arriba sinalado.

En a de de 2016

Sinatura

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE POL (LUGO)**

R. 1203

## XOVE

*Anuncio*

Faise público que por Resolución de Alcaldía de data 21 de abril de 2.016 aprobáronse o Proxecto Técnico de Obra e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán na contratación mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e simplificada, oferta económicamente máis vantaxosa, un único criterio de adxudicación (o prezo máis baixo) para a contratación da obra de "MELLORA DE CAMIÑOS EN XOVE".

Polo presente anuncio e de acordo co previsto no artigo 142 do RD 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise licitación pública do contrato de referencia, coas características que a seguir se relacionan:

**1.- Entidade Adxudicadora: Datos xerais e datos para a obtención de información:**

a) Organismo: Concello de Xove.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría/Intervención

c) Obtención de documentación e información:

1.- Dependencia: Secretaría ou Intervención Municipal

2.- Domicilio: Camiño real, s/n

3.- Localidade e Código Postal: 27870 Xove (Lugo)

4.- Teléfono: 982.59.20.01

5.- Telefax: 982.59.21.54

6.- Correo electrónico: elena.intervencion@xove.es; secretario@xove.es

7.- Dirección de Internet de perfil de contratante: www.xove.es

8.- Data límite de obtención de documentación e información: Ata seis días antes da data límite para recepción de ofertas, sempre que dita petición se presente con unha antelación mínima de oito días respecto daquela data.

d) Número de expediente: OBR01/16

**2.- Obxecto do contrato:**

a) Tipo: Contrato administrativo de obra

b) Descrición: "MELLORA DE CAMIÑOS E XOVE".

c) Lugar de execución/ entrega:

1.- Domicilio: Casa do Concello; Camiño Real, s/n

2.- Localidade e Código Postal: 27870 Xove (Lugo)

e) Prazo de execución/entrega: Dous anos a contar desde a sinatura da Acta de Comprobación do Replanteo debendo ter finalizado o contrato como máximo a 31 de decembro de 2017

f) Admisión de prórroga: Non

g) CPV: 45233140-2 Obras viais

**3.- Tramitación e procedemento:**

a)Tramitación: Ordinaria-Simplificada

b)Procedemento: Aberto

c) Subasta electrónica: Non

d) Criterios de adxudicación:

-Prezo ofertado: Ata 30 puntos

**4.- Orzamento base de licitación:**

a) Importe neto: 194.433,63. IVE (21%): 40.381,06 euros; Importe total: 235.264,69 euros, desglosado en dúas anualidades:

2016: 105.201,29 euros e 22.092,27 euros de IVE

2017: 89.232,34 euros e 18.738,79 euros de IVE

**5.- Garantías esixidas:** Provisional: Non se esixe. Definitiva: 5% do importe de adxudicación, con exclusión do IVE. Complementaria en caso de oferta desproporcionada: 5%

**6.- Requisitos específicos do contratista:**

a) Clasificación: Non se esixe. Substituirá á solvencia financeira e técnica si se dispón de clasificación no Grupo G, Subgrupo 6, categoría 1

b) Solvencia económica e financiera e solvencia técnica e profesional: A esixida no Prego de Cláusulas Administrativas (Cláusula 26)

c) Outros requisitos específicos: Non

**7.- Presentación de ofertas**:

a) Data límite de presentación: Vixésimosexto día natural contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) Hora límite: 14.30 horas

c) Lugar de presentación:

1.- Dependencia: Rexistro Xeral da Casa do Concello

2.- Domicilio: Rúa Camiño Real, s/n

3.- Localidade e Código Postal: 27870; Xove (Lugo)

4.- Fax: 982.59.21.54

d) Admisión de variantes: Non

e) Prazo durante o que o licitador está obrigado a manter a súa oferta: Ata a adxudicación do contrato.

**8.- Apertura de ofertas**:

a) Dirección: Casa do Concello-Salón de Plenos

b) Localidade e Código Postal: 27870, Xove (Lugo)

c) Data e hora: Comunicaranse previamente a través do Perfil de Contratante do Concello de Xove

**9.- Gastos de publicidade: Por conta do contratista adxudicatario**

Xove a 21 de abril de 2016.- O ALCALDE, J. Demetrio Salgueiro Rapa

R. 1206

---

# ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

## XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE LUGO

*Anuncio*

DOÑA MARIA DEL CARMEN VARELA REBOLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social número 2 de Lugo, HAGO SABER:

Que en el procedimiento 0001032 /2012 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de DOÑA JENNIFER CAAVEIRO PENA contra la empresa XERTIGAN, S.C.G., sobre RECLAMACIÓN DE CANTIDAD, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

"Acuerdo:

Tener por caducada la instancia en el presente proceso, y ordenando el archivo definitivo de este procedimiento.

Incorpórese el original al Libro de Decretos, dejando certificación del mismo en el procedimiento de su razón.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo carga procesal de las partes y de sus representantes mantenerlos actualizados. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de TRES DÍAS hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente

que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2323 en el BANCO SANTANDER, LUGO debiendo indicar en el campo concepto, "recurso" seguida del código "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.".

Y para que sirva de notificación en legal forma a XERTIGAN SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En Lugo, a veintiuno de Abril de dos mil dieciséis.-LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

R. 1208

---

*Anuncio*

DOÑA MARÍA DEL CARMEN VARELA REBOLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social número 2 de Lugo, HAGO SABER:

Que en el procedimiento 477/13 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de DOÑA MARÍA CARMEN LAZARE RODRÍGUEZ contra la empresa JUAN MANUEL FERNÁNDEZ MARIÑAS., sobre DESPIDO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

"Acuerdo:

**Tener por caducada la instancia en el presente proceso**, y ordenando el archivo definitivo de este procedimiento.

Incorpórese el original al Libro de Decretos, dejando certificación del mismo en el procedimiento de su razón.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo carga procesal de las partes y de sus representantes mantenerlos actualizados. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de TRES DÍAS hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2323 en el BANCO SANTANDER, LUGO debiendo indicar en el campo concepto, "recurso" seguida del código "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.".

Y para que sirva de notificación en legal forma a JUAN MANUEL FERNÁNDEZ MARIÑAS, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En Lugo, a veintiuno de Abril de dos mil dieciséis.- LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

R. 1209

---

## XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DE A CORUÑA

*Anuncio*

D JUAN REY PITA, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de A CORUÑA, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000203 /2014 de este Juzgado de lo Social, seguidos contra la empresa ALQMAQ, S.A. y OTRAS, se han dictado auto de fecha 11.02.16 y diligencia de 16.02.16, contra los que se puede interponerse recurso de reposición y decreto de 02.03.16, recurso de revisión.

Y para que sirva de notificación en legal forma a ALQMAQ, S.A., en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En A CORUÑA, a veintiuno de Abril de dos mil dieciséis.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 1210

---

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/02095

D. Jesús Rodriguez Bergantiños, con domicilio en CL\ Río Forxa, 12- Bajo, 27300 - Guitiriz (Lugo), solicita la novación de la concesión de un caudal de 0,05 l/s de agua procedente del manantial de la finca "Tenza do Molino", en el lugar de Sante, parroquia de Trasparga, T.M. de Guitiriz (Lugo), con destino a usos domésticos, con reducción de caudal a 0,017 l/s y extinción de los usos ganaderos.

La captación se realiza mediante una bomba de 1,5 C.V. de potencia que impulsa el agua al depósito que la distribuye a la vivienda.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Guitiriz , o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 22 de abril de 2016.- EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R. 1211

---

Signature Not Verified
Asinado por: BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO
Data: 02.05.2016 08:00:00 CEST
Razón:
Localización: España